



**RESOLUCIÓN REITORAL DE 24 DE XANEIRO DE 2020 POLA QUE
PUBLICA UNHA CORRECCIÓN DE ERROS NA CONVOCATORIA DE
BOLSAS ERASMUS+ KA107 PARA ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE
VIGO CON PAÍSES ASOCIADOS**

Unha vez publicada a convocatoria de bolsas ERASMUS+ Estudos para o curso 2020-21 por RR de 19 de novembro de 2019 e advertido erro no anexo II,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Realizar a oportuna corrección:

No apartado referente a CAMBOXA, punto 1: Requisitos académicos, onde di:

“Estar matriculado/a no curso 2019/20 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo nun programa de Doutoramento do ámbito Xurídico ou de Administración de Empresas/Economía; ou nunha titulación de mestrado adscrita á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo; Ciencias Económicas e Empresariais; ou da Escola Universitaria de Estudos Empresariais. O/a estudante debe contar coa aprobación do/da seu/sua director/a de tese ou a carta de referencia da persoa coordinadora do mestrado.”

debe dicir:

“Estar matriculado/a no curso 2019/20 e durante toda a duración da estadía na Universidade de Vigo nun programa de Doutoramento do ámbito Xurídico ou de Administración de Empresas/Economía. O/a estudante debe contar coa aprobación do/da seu/sua director/a de tese.

2. Que as solicitudes presentadas por estudantes de mestrado, de ser seleccionadas, quedarán condicionadas a que as persoas candidatas cumpran o requisito de estar matriculadas nun programa de doutoramento do ámbito Xurídico ou de Administración de Empresas/Economía antes de comezar a súa estadía e durante toda a duración da mesma.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

O reitor

Por delegación RR 01/12/2018 (DOG 07/12/2018)

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización
e Cooperación

(asinada electronicamente por)

María Isabel Doval Ruiz

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800117s20N0000019

CSV

GEISER-c99c-f0ef-a010-4c34-8935-db58-2200-f247

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

24/01/2020 11:39:52 Horario peninsular

Validez del documento

Original

